

DOMINGO IV DE PASCUA (C)

PRIMEIRA LECTURA Feit 13, 14. 43-52

Lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos

Naqueles días, Paulo e mais Bernabé chegaron a Perxe, e seguiron a Antioquía de Pisidia. Un día de sábado entraron na sinagoga e sentáronse. Moitos xudeus e prosélitos practicantes foron con Paulo e Bernabé, que, falando con eles, os animaban a perseverar na gracia de Deus.

Para o outro sábado xuntouse case toda a cidade para escoita-la palabra de Deus, pero os xudeus enchéronse de envexa ó veren tanta xente, e opoñíanse con insultos ó que Paulo dicía. Entón Paulo e Bernabé dixeron ousadamente: -Tiñamos que anunciárvola palabra de Deus primeiro a vós; pero, visto que a refugades e non vos considerades dignos da vida eterna, volvémonos cara ós pagáns; pois así nolo mandou o Señor: Púxente como luz das nacións, para leváre-la salvación ata os confíns da terra.

Os pagáns, sentindo isto, enchíanse de alegría, loando a mensaxe do Señor; e creron tódolos que estaban destinados á vida eterna. Deste xeito a palabra de Deus espallábase por toda a bisbarra. Pero os xudeus encirraron ás señoras de alta categoría que eran devotas e ós principais da cidade e promoveron unha persecución contra Paulo e Bernabé, expulsándoos do seu territorio. Estes, sacudindo contra eles o po dos seus pés, marcharon para Iconio, mentres os discípulos ficaban cheos de alegría e do Espírito Santo.

SALMO RESPONSORIAL Sal 99, 2. 3. 5

R/. (3c): **Nós sómo-lo seu pobo, ovellas do seu rabaño.**

Ou: **Aleluia.**

Aclama ó Señor, terra enteira,
servide o Señor con alegría,
entrade á súa presenza con gritos de xúbilo.

Sabede que o Señor é Deus,
que El nos fixo e que somos del,
que sómo-lo seu pobo,
as ovellas do seu rabaño.

Porque o Señor é agarimoso,
a súa misericordia dura por sempre,
a súa fidelidade, de xeración en xeración.

SEGUNDA LECTURA Ap 7, 9. 14b-17

Lectura do libro da Apocalipse

Eu, Xoán, mirei e vin un mundo de xente que ninguén era capaz de contar, de tódalas nacións, tribos, pobos e linguas, en pé diante do trono e do Año. Vestían roupa branca e levaban ramallos de palma nas mans.

E díxome un dos anciáns: "Estes son os que veñen de pasa-las súas grandes penas; lavaron os seus vestidos e branquexáronos co sangue do Año. Por iso están diante do trono de Deus, e adóranos día e noite no seu santuario. E quen está sentado no trono chantará a súa tenda cabo deles. Non terán máis fame nin sede, nin caerá endexamais sobre eles o sol, nin ningunha queimadura del. Porque o Año, que está no medio do trono, será o seu pastor, levaraos ás fontes de auga e Deus enxugará dos seus ollos toda bágoa".

EVANXEO Xn 10, 27-30

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos: As miñas ovellas escoitan a miña voz: eu coñézoas e elas séguenme; eu doulles vida eterna, e non se perderán para sempre: ninguén mas quitará da man.

Meu Pai, que mas deu, é máis ca todos, e ninguén pode arrepañalas da man do Pai. Meu Pai e mais eu somos un.